

8. Fondo Europeo Marítimo de Pesca e Acuicultura (FEMPA) “O mar como fonte de vida, cultura e futuro”

8.1. Que é o FEMPA?


O FEMPA (Fondo Europeo Marítimo de Pesca e Acuicultura) é o principal instrumento financeiro da Unión Europea para apoiar a pesca sostible, a acuicultura responsable e o desenvolvemento das comunidades costeiras.

O Programa español do Fondo Europeo, Marítimo da Pesca e a Acuicultura (FEMPA) para o período 2021-2027, con axudas para os sectores da pesca, a acuicultura, a transformación e a comercialización ten un importe de 1.120,4 millóns, sendo España, o primeiro país perceptor do FEMPA a nivel europeo.

Pola importancia do sector pesqueiro e da acuicultura en Galicia, que conta con 1.498 km de costa e no que milleiros de persoas teñen o seu medio de vida no mar —como mariscadoras e mariscadores, traballadores e traballadoras da frota pesqueira e da industria conserveira e de transformación—, Galicia é a comunidade autónoma con maior importe asignado deste fondo. Así, no período 2021-2027, o orzamento do FEMPA para Galicia ascende a 366,2 millóns de euros.

Obxectivos principais do FEMPA

- Fomentar a pesca sostible e a recuperación e conservación dos recursos biolóxicos acuáticos;
- Fomentar as actividades sostibles de acuicultura, así como a transformación e comercialización de produtos da pesca e a acuicultura, contribuíndo así á seguridade alimentaria na Unión;
- Permitir unha economía azul sostible nas zonas costeiras, insulares e interiores, e fomentar o desenvolvemento das comunidades pesqueiras e acuícolas;
- Reforzar a gobernanza internacional dos océanos e permitir que os mares e océanos sexan seguros, protexidos, limpos e estean xestionados de xeito sostible.



EXERCICIO

¿Cres que o Fondo FEMPA contribúe á sustentabilidade ambiental mariña? Busca información sobre que é a Economía Azul.

8.2. Quen se beneficia do FEMPA?

Principais persoas e entidades beneficiarias en Galicia:

- Mariñeiros/as e armadores/as da frota galega.
- Redeiras e Mariscadoras a pé e a flote.
- Empresas pesqueiras, de transformación, distribución e acuicultura
- Confrarías de pescadores e organizacións do sector
- Mozos/as que queiran formarse ou emprender proxectos relacionados co mar.
- Concellos costeiros e GALP (Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro).



EXERCICIO

Atopa información sobre os GALP (Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro). Para que serven? Se vives nalgún concello costeiro, investiga cal é o GALP que che corresponde e que proxectos foron aprobados no seu ámbito. Se vives nun concello do interior, escolle o GALP que máis che interese. Finalmente, deseña unha proposta de proxecto que poida presentarse a unha futura convocatoria, explicando brevemente o seu obxectivo e o tipo de actuación.

8.3. O FEMPA en Galicia

O FEMPA é moito máis que un fondo económico. É unha ferramenta para que o mar, símbolo de Galicia, siga sendo:

- Fonte de traballo digno
- Espazo de innovación e tradición
- Lugar de futuro para a mocidade
- Patrimonio natural e cultural a coidar

Achegamos a continuación exemplos de como impacta este fondo na xente do mar

a) Apoio ás persoas mariscadoras e redeiras


- Cursos de seguridade marítima, uso sostible dos recursos e xestión comercial.
- Mellora de vestiario técnico e equipos de protección.
- Proxectos de recoñecemento social do traballo feminino no mar
- Axudas directas ás persoas mariscadoras pola paralización temporal de bancos marisqueiros
- Proxectos colectivos orientados á protección e recuperación dos bancos marisqueiros:
 - recollida de residuos e arribazóns de algas nas zonas costeiras.
 - intervencións con participación activa das propias persoas pescadoras e mariscadoras para mellorar o estado de recursos biolóxicos acuáticos

EXERCICIO

*Unha confraría creou unha marca propia coa axuda do FEMPA para vender marisco fresco con trazabilidade e identidade local
Sabes que é a trazabilidade? Por que é importante á hora de elixir un produto? Explica a axuda que pode dar o FEMPA para esta actividade económica*

b) Modernización da frota

- Substitución de motores contaminantes por outros máis eficientes e limpos.
- Mellora da seguridade nos barcos con novos sistemas de comunicación e salvamento.
- Axudas para barcos artesanais con técnicas de baixo impacto ambiental (palangre, nasa...).
- Proxectos para realizar nos portos axilizando as descargas e mellorando as infraestruturas



EXERCICIO

Como contribúe a modernización da frota á sustentabilidade do sector pesqueiro? E como pode influír na súa competitividade?

c) Formación e capacitación

- Cursos de formación marítima para novos profesionais: navegación, primeiros auxilios, protección ambiental...
- Cursos de competencia mariñeira, de patrón ou patroa de máquinas
- Bolsas para estudos relacionados co mar: bioloxía mariña, acuicultura, innovación alimentaria ciencias do mar...
- Axudas para a renovación do persoal do sector pesqueiro

EXERCICIO

Cres que a formación da tripulación inflúe no número de accidentes laborais a bordo? Explica por que pode haber relación e dá algún exemplo que o apoie.

d) Innovación e acuicultura

- Desenvolvemento de novas técnicas de cultivo mariño sostible (algas, polbo, rodaballo...).
- Colaboración entre universidades e empresas para facer a produción máis respectuosa.
- Proxectos de economía circular para reducir residuos no proceso produtivo.



Sabías que Axencia Europea de Control da Pesca está en Vigo? Creada en 2005, é a responsable de coordinar a vixilancia da pesca en toda a UE, controlando as cotas, a legalidade das capturas e a sustentabilidade dos caladoiros.

<https://www.efca.europa.eu/en>

e) Diversificación económica nas zonas costeiras

- Apoio a proxectos de turismo mariñeiro: paseos en barco, visitas a bateas, experiencias con mariscadoras.
- Creación de centros de interpretación do mar e museos locais.
- Recuperación e posta en valor de portos históricos e espazos naturais costeiros.

Se queres saber máis podes entrar nas seguintes páxinas

<https://fondoseuropeos.xunta.gal/periodo-2021-2027/outros-programas/fempa>

<https://fempa.xunta.gal/gl>